

## **SEGUNDO CERTAME "ALTERNALIA" "Comprometidos co noso contorno"**

### ***Bases do Certame***

#### **CONVOCATORIA**

O presente certame englobase dentro dun proxecto de concienciación e promoción da sustentabilidade ambiental da Comarca do Morrazo, centrado na defensa dos recursos existentes e na recuperación dos espazos e o patrimonio ambiental da Comarca, utilizando as excepcionais posibilidades que a natureza e o noso contorno nos ofrecen. As seguintes bases reguladoras servirán como norma básica para o funcionamento deste proxecto.

O certame está promovido pola Federación de Comerciantes e Industriais do Morrazo, o departamento de Electricidade do IES A PARALAIÁ e o Concello de Moaña.

#### **OBXETO E PARTICIPANTES**

**Neste Certame valoraranse, proxectos postos en marcha antes da celebración da Mostra "Alternalia 09" que teñan especial relevancia para a Comarca, no ámbito da ecoloxía e as enerxías renovables, valorándose especialmente a innovación e a creatividade das mesmas, así como o seu carácter didáctico ou de fomento da responsabilidade social con medio natural que nos rodea.**

Poderán participar neste certame tódalas aquelas entidades públicas, asociacións ou agrupacións sen ánimo de lucro que teñan o seu domicilio no Morrazo ou ben que o obxecto do seu proxecto radique na Comarca.

#### **PRESENTACIÓN DOS PROXECTOS**

A presentación das obras realizarase no rexistro da sede da Federación de Comerciantes.

Os proxectos constarán dunha memoria descritiva das actuacións levadas a cabo, facendo especial mención aos antecedentes, e os obxectivos que se pretenden acadar ou se acadaron.

O tema escollido será libre se ben deberá ser acorde aos obxectivos e fins do certame.

Deberán entregarse, nun único sobre pechado, 3 copias dos proxectos e dirixilos á atención do comité organizador do certame, que rematado o prazo se reunirá para valorar as candidaturas.

Dentro de dito sobre deberase incluír a acreditación do centro ou entidade que presenta o proxecto co fin de facilitar a resolución do certame. Dita acreditación constará, como mínimo, do nome do centro ou entidade sen ánimo de lucro, persoa de contacto e enderezo a efecto de notificacións.

Os proxectos estarán realizados en lingua galega.

## **PRAZO**

O prazo de admisión de Proxectos finalizará o 21 de Xuño de 2010, ás 14:00h

## **COMISIÓN DE VALORACIÓN**

A Comisión encargada de emitir o fallo sobre as obras presentadas a concurso, estará composta por:

### **PRESIDENTE:**

O Presidente da Federación de Comerciantes e Industrias do Morrazo ou persoa en quen delegue.

### **SECRETARIOS:**

O Concelleiro de Mar e Medio Ambiente do Concello de Moaña.  
O Director do I.E.S. A PARALAIÁ ou a persoa na cal delegue.

## **VOGAIS:**

- Un/ha representante da asociación ACIMO.
- O Responsable do departamento de electricidade do "IES A PARALAIA"
- Un/ha profesional do ámbito da feira, invitado pola comisión de valoración.

A resolución do órgano de valoración será inapelable. En caso de empate entre proxectos decidirá o presidente da comisión mediante voto de calidade.

## **PREMIOS**

Entregarase un único premio ao mérito entre todos aqueles proxectos presentados a concurso.

A cuantía deste primeiro premio fíxase en #600,00€# SEISCENTOS EUROS.

A resolución publicarase antes do Sábado 26 de Xuño de 2010. A organización resérvase o dereito de difundir dita resolución a través de calquera medio que considere oportuno.

O premio poderá ser declarado deserto.

## **DISPOSICIÓN FINAIS**

A participación no presente certame supón a previa aceptacións das presentes bases reguladoras.

O Morrazo, 24 de Maio de 2010



Instituto de Ensino Secundario A PARALAIA  
DEPARTAMENTO DE ELECTRICIDADE



CONCELLO DE MOAÑA

